

## **REGULAMENTO DA CARREIRA POPULAR**

### **“I SAN SILVESTRE - FENE”**

**facebook.com/sansilvestrefene**

**O vindeiro día 31 de Decembro de 2013, ás 17:00 horas, terá lugar a saída da “SAN SILVESTRE - FENE” que se celebrará conforme co seguinte:**

### **REGULAMENTO XERAL**

- 1.- A saída e chegada terá lugar no Concello de Fene.
  - 2.- O percorrido será de 4 quilómetros aproximadamente, e discorrerá por un circuito urbano establecido en rúas das parroquias de Fene e Perllio.
  - 3.- A proba estará organizada polo Concello de Fene e contará coa axuda de Protección Civil.
  - 4.- Está prohibido o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descalificación dos atletas que a infrinxan. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio á organización, que contarán con roupa apropiada e visible.
  - 5.- O control de chegada pechará media hora despois de que entre en meta o primeiro clasificado.
  - 6.- As **inscricións**, poderanse efectuar do 20 ata o 29 de decembro.
    - Na web: [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)
    - Persoalmente no pavillón polideportivo da Xunqueira en San Valentín (de luns a venres de 8:30 a 14:30 h., mércores de 16:30 a 19:00 horas)
- Para calquera dúbida ou incidencia na inscrición poderán chamar aos seguintes teléfonos:
- Departamento de Cultura e Deportes do Concello de Fene (de 8:30 a 14:30 h.) :
    - 981.340.366
    - 607.615.962
  - Pavillón A Xunqueira: 981 492 804
  - Champion chip Norte: 982.816.884

7.- A retirada de dorsais terá lugar o mesmo día da carreira: 31 de decembro, no salón de Plenos do Concello de Fene dende as 10:00 h. ata media hora antes da saída da proba

8. Os dorsais colocaranse en lugar visible no peito.

9.- **Dereitos de inscrición:** Os participantes deberán pagar a cantidade de 2 euros de inscrición. **A recadación efectuada polas inscricións será destinada a unha asociación con fins sociais.**

#### 10.- **Categorías:**

Haberá unha única categoría absoluta, masculina e outra feminina.  
Poderán participar todos os nados/as no ano 2.000 e anteriores.

#### 11.- **Premios:**

Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados tanto da categoría masculina como da categoría feminina.

#### 12. **Concursos de disfraces.**

Os participantes na carreira poderán vir disfrazados.

O Concello realizará **dous concursos** de disfraces:

- **Concurso in situ:** Membros da organización escollerán no momento da saída da carreira o mellor disfraz entre todos os participantes.
- **Concurso en Facebook:** Nos días posteriores á carreira, poderase votar o mellor disfraz na páxina de facebook da I San Silvestre de Fene:  
**“facebook.com/sansilvestrefene”**

13.- A entrega de premios terá lugar unha vez rematada a carreira na praza do Concello de Fene.

14.- A proba será controlada polo Comité Territorial de Xuices de Atletismo.

15.- A *Organización* non se fará responsable dos danos morais ou materiais que poidan sufrir los atletas antes, durante ou como consecuencia da súa participación nesta proba.

16.- A inscrición na proba suporá a total aceptación deste Regulamento por tódolos atletas participantes.

17.- A proba terá unha distancia de de 4 km que consistirá en dar dúas voltas ao seguinte **percorrido urbano**:

SAÍDA: CONCELLO DE FENE

1ª volta:

- Rúa Travesa
- Rúa Alta
- Pasar Centieiras e cruce de Rúa Tarrío
- Continuar ata Marqués de Figueroa
- Avda. Marqués de Figueroa
- Rúa da Fraga

2ª volta:

- Rúa Travesa
- Rúa Alta
- Pasar Centieiras e cruce de Rúa Tarrío
- Continuar ata Marqués de Figueroa
- Avda. Marqués de Figueroa
- Rúa da Fraga.

CHEGADA AO CONCELLO DE FENE

18.- A organización resérvase o dereito de admisión na proba deportiva.

19.- A organización resérvase o dereito de modificar calquera aspecto relacionado coa normativa desta carreira para garantir o bo funcionamento da mesma.

### **ANDAINA SAN SILVESTRE FENE**

De xeito simultáneo á saída da carreira popular “I SAN SILVESTRE FENE”, terá lugar a **saída da andaina non competitiva San Silvestre Fene**, cun percorrido de aproximadamente 2 Km. (que consistirá en dar **unha volta** ao percorrido establecido para a carreira).

Nesta andaina poderá participar todo aquel que o desexe, realizando unha inscrición previa que se rexerá pola mesma normativa que a inscrición da carreira popular.

### **OBSERVACIÓNS:**

- O Concello contará con avituallamento LÍQUIDO ao final da carreira.
- Haberá servizo de gardarroupa.